

«Retencións e ingresos á conta» da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, coa seguinte redacción:

«6. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre as rendas procedentes da cesión do dereito á explotación da imaxe ou do consentimento ou autorización para a súa utilización, será do 20 por 100.»

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12626 REAL DECRETO 746/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e ás importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros. («BOE» 156, do 30-6-2001.)

O desenvolvemento da avicultura, actividade gandeira de innegable importancia e que constitúe unha sólida fonte de ingresos para a poboación agraria, require da harmonización das normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións das carnes frescas de aves de curral.

Só a través do exercicio constante de controis veterinarios sobre as granxas de reproductores e sobre as importacións de carnes de aves procedentes de países terceiros se pode conseguir unha evolución harmónica dun sector que representa un importante papel na alimentación humana actual.

Estes aspectos foron tidos en conta na redacción e posterior publicación da Directiva do Consello 91/494/CEE, do 26 de xuño, sobre as condicións de policía sanitaria ás que deben axustarse os intercambios intracomunitarios e as importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros, incorporada ó noso ordenamento xurídico no Real decreto 1322/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal ás que deben axustarse os intercambios intracomunitarios e as importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros.

A evolución dos coñecementos científicos sobre o virus da enfermidade de Newcastle e o establecemento de normas uniformes de emprego de vacinas contra esta enfermidade, ademais do desenvolvemento de normativas comunitarias específicas de loita e erradicación das principais enfermidades aviarias, enfermidade de Newcastle e influenza aviaria, propician a publicación do Real decreto 362/1995, do 10 de marzo, que modifica o anteriormente citado e que incorpora ó noso ordenamento a Directiva 93/121/CEE, do Consello, do 22 de decembro, que modifica a Directiva 91/494/CEE.

A Directiva 91/494/CEE, que xa foi modificada pola incorporación na definición das aves de curral, das «strut-hitioniformes», representados na súa gran maioría polas avestruces, é novamente modificada pola Directiva

1999/89/CE, do Consello, do 15 de novembro, o contido da cal se incorpora agora á nosa lexislación.

En definitiva, este real decreto incorpora a Directiva 1999/89/CE, do Consello, do 15 de novembro, pola que se modifica a Directiva 91/494/CEE, pola que se refunde o contido do Real decreto 1322/1992 e as súas posteriores modificacións.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2001,

D I S P O Ñ O :

CAPÍTULO I

Disposiciones xerais

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

Este real decreto establece as condicións de sanidade animal ás que deben axustarse os intercambios intracomunitarios e as importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros.

Artigo 2. Definiciones.

Para efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Aves de curral: as galiñas, pavos, galiñas pintadas, patos, ocas, paspallás, pombas, faisáns, perdices e aves corredoras («ratites») criados ou mantidos en cativerio para a súa reproducción, a produción de carne ou de ovos para consumo ou a subministración de especies de caza para repoboación.

b) Aves para matadoiro: as aves de curral directamente conducidas ó matadoiro para seren alí sacrificadas o antes posible e, como moi tarde, no prazo das setenta e dúas horas seguintes á súa chegada.

c) Carnes: tódalas partes das aves de curral aptas para o consumo humano.

d) Carnes frescas: tódalas carnes de aves de curral, incluídas as carnes envasadas ó baleiro ou en atmosfera controlada, que non fosen sometidas a ningún tratamento distinto do frío para garantí-la súa conservación.

e) País terceiro: o país non membro da Unión Europea autorizado para o comercio con esta.

f) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas para o mercado interior e os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, para os intercambios con países terceiros e para as oportunas comunicacións á Comisión das Comunidades Europeas, no ámbito das súas respectivas competencias.

g) Veterinario oficial: o veterinario designado pola autoridade competente.

CAPÍTULO II

Intercambios intracomunitarios

Artigo 3. Normas xerais.

1. Para poder ser obxecto de intercambios intracomunitarios, as carnes frescas deberanse ter obtido a partir de aves de curral que:

a) Permanecesen desde o seu nacemento en territorio da Comunidade ou fosen importadas de países terceiros de conformidade coa normativa de importación de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros.

b) Procedan dunha explotación que:

1.º Non estea suxeita a medidas de prohibición adoptadas fronte a algunha das enfermidades que afectan as aves de curral.

2.º Non estea situada nunha zona sometida, por razóns de sanidade animal, a medidas restrictivas que impliquen controis da carne de aves de curral, consonante a lexislación comunitaria, debido ó abrocho dunha enfermidade que poida afecta-las aves de curral.

c) Durante o seu transporte ó matadoiro non estivesen en contacto con aves de curral infectadas de influenza aviaria ou de enfermidade de Newcastle, prohibíndose o transporte a través das zonas declaradas infectadas dalgúns destas dúas enfermidades, salvo se as atravesan polas estradas ou liñas ferroviarias principais.

d) Fosen sacrificadas en matadoiros onde non se detectase no momento do sacrificio ningún caso de influenza aviaria ou de enfermidade de Newcastle.

e) Vaian marcadas, consonante o disposto nos artigos 4 e 5 deste real decreto.

2. As disposicións deste capítulo non afectarán as normativas nacionais relativas ás carnes:

a) Contidas na equipaxe persoal dos viaxeiros e destinadas ó seu propio consumo.

b) Que sexan obxecto de pequenos envíos a particulares sen carácter comercial.

c) Que se encontren a bordo de medios de transporte que efectúen transportes internacionais, con fins de abastecemento do persoal e dos pasaxeiros.

Artigo 4. Marcaxe.

As carnes frescas de aves de curral deberán levar a marca de inspección veterinaria contemplada no capítulo XII do anexo I do Real decreto 2087/1994, do 20 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias de producción e comercialización de carnes frescas de aves de curral, sempre e cando se axusten ós requisitos que establece o número 1 do artigo 3 deste real decreto e procedan de animais que fosen sacrificados nas condicións de hixiene establecidas no citado real decreto.

Artigo 5. Excepções.

1. As carnes frescas de aves que non resulten encadradas dentro dos supostos definidos nas alíneas b), c) e d) do número 1 do artigo 3 deste real decreto, poderán ser marcadas, se non se comercializan como tales, sempre que a marca indicada no artigo 4 da presente disposición sexa de inmediato sobreimpresa de tal modo que o selo oficial de inspección sanitaria, definido no número 66 do capítulo XII do anexo I do Real decreto 2087/1994, quede atravesado por unha cruz, constituída por dous trazos perpendiculares e estampada en sentido oblicuo, de tal forma que a intersección se sitúe no centro do selo e que as indicacións que figuren nel continúen sendo lexibles.

Respecto á marcaxe de inspección, aplicaranse as disposicións do capítulo XII do anexo I do Real decreto 2087/1994.

2. As carnes contempladas no punto anterior deberán obterse, despezarse, transportarse e almacenarse por separado ou en momentos distintos que as destinadas ós intercambios intracomunitarios de carnes frescas de aves de curral, non podendo ser empregadas para a elaboración de produtos cárnicos destinados a intercambios intracomunitarios, a non ser que estes se somesten ós tratamentos referidos na normativa comunitaria

relativa a problemas de sanidade animal en materia de intercambios intracomunitarios de productos a base de carne.

3. Malia o disposto nos números 1 e 2 deste artigo, e en caso dunha epizootia da enfermidade de Newcastle, as carnes frescas de aves de curral poderán marcarse de conformidade co disposto na alínea e) do número 1 do artigo 3 deste real decreto, co selo oficial de inspección veterinaria definido no número 66 do capítulo XII do anexo I do citado Real decreto 2087/1994, sempre que as ditas carnes procedan de aves de curral:

a) Procedentes dunha explotación situada na zona de vixilancia definida no número 1 do artigo 9 do Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas de loita contra a enfermidade de Newcastle, a excepción da zona de protección establecida neste mesmo punto, e sempre que trala investigación epidemiolóxica se demostre que non existiu contacto cunha explotación infectada.

b) Procedentes dunha manda na que un veterinario designado pola autoridade competente realice un exame virolóxico, con resultado negativo, cinco días antes da expedición das aves, sobre unha mostra representativa da manda.

c) Procedentes dunha explotación na que, tras un recoñecemento clínico efectuado por un veterinario designado polas autoridades competentes, non se observase sinal ou síntoma que puidesen indicar a presencia da enfermidade de Newcastle; este exame deberá efectuarse vintecatro horas antes de que as aves de curral saian da explotación.

d) Que, sen prexuízo do disposto na alínea c) do número 1 do artigo 3 deste real decreto, sexan transportadas directamente desde a explotación de orixe ó matadoiro; os medios de transporte utilizados deberán ser selados polo veterinario oficial e sometidos a limpeza e desinfección antes e despois de cada transporte.

e) Que no matadoiro sexan sometidas a un exame «ante mortem» ou «post mortem», para detectar síntomas da enfermidade de Newcastle.

Artigo 6. Controis.

A organización dos controis en destino axustarase ó disposto no Real decreto 49/1993, do 15 de marzo, sobre controis veterinarios aplicables ós intercambios intracomunitarios dos produtos de orixe animal.

Artigo 7. Inspeccións comunitarias.

1. Representantes do Ministerio de Agricultura, Pescas e Alimentación e do Ministerio de Sanidade e Consumo, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán acompañá-los órganos competentes das comunidades autónomas e os expertos veterinarios da Comisión da Unión Europea que se despracen ó noso país para efectuaren visitas de inspección *in situ*.

2. As autoridades competentes referidas no punto anterior deberán prestar toda a asistencia necesaria ós expertos veterinarios da Comisión da Unión Europea para o cumprimento do seu cometido.

CAPÍTULO III

Importacións de países terceiros

Artigo 8. Normas xerais.

1. As carnes frescas de aves de curral importadas de países terceiros deberán cumplir as condicións establecidas nos artigos 9 a 12 deste real decreto.

2. Nembargantes, este capítulo non se aplicará:

a) Ás carnes de aves de curral contidas nas equipaxes persoais dos viaxeiros destinados ó seu propio consumo ou enviadas a particulares sen carácter comercial, sempre que a cantidade transportada non supere un quilogramo por persoa e que procedan dun país terceiro ou dunha parte dun país terceiro, que figure na lista elaborada de conformidade co artigo 9 desta disposición.

b) Ás carnes que se encontren, en concepto de abastecemento do persoal e dos pasaxeiros, a bordo de medios de transporte que efectúen transportes internacionais.

Cando se descarguen, as devanditas carnes ou os seus residuos de cociña deberán destruírse. Nembargantes, poderase prescindir da destrucción cando as carnes pasen directamente dun medio de transporte a outro ou fosen colocadas provisionalmente baixo control aduaneiro.

Artigo 9. Países terceiros autorizados.

1. As carnes frescas de aves de curral deberán proceder de países terceiros ou de partes de países terceiros que figuren nunha lista elaborada pola Comisión da Unión Europea.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a dita lista e tódalas modificacións que se introduznan nela, serán publicadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no «Boletín Oficial del Estado», para un maior coñecemento dos interesados.

3. As carnes frescas de aves de curral que cheguen a territorio aduaneiro español serán sometidas a control polos servicios veterinarios oficiais dos postos de inspección fronteirizos, antes de seren despachadas a libre práctica ou de seren admitidas en calquera réxime aduaneiro.

Artigo 10. Criterios de autorización.

1. As carnes frescas de aves de curral deberán proceder de países:

a) Nos que a influenza aviaria e a enfermidade de Newcastle sexan enfermidades de declaración obligatoria en todo o país, de conformidade coas normas internacionais.

b) Libres de influenza aviaria e de enfermidade de Newcastle, ou que, áinda que non estean libres destas enfermidades, apliquen medidas de loita, alomenos, equivalentes ás establecidas nos Reais decretos 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas de loita contra a influenza aviaria, e 1988/1993, do 30 de novembro, polo que se establecen medidas de loita contra a enfermidade de Newcastle, respectivamente.

2. Se é o caso, os criterios adicionais para clasifica-los países terceiros en relación co disposto no punto anterior, son os que establece a Decisión 94/438/CE, da Comisión, do 7 de xuño.

3. A Comisión da Unión Europea poderá decidi-las condicións necesarias para aplícalo disposto no punto 1 deste artigo, só a unha parte do territorio dun país terceiro.

4. As carnes frescas deberán proceder de aves de curral que permanecesen antes do seu envío, sen interrupción, no país terceiro ou a parte do país terceiro durante un período que será fixado pola Comisión da Unión Europea.

Artigo 11. Certificación.

As carnes frescas de aves de curral terán que ir acompañadas dun certificado expedido por un veterinario ofi-

cial do país terceiro exportador, que se axustará ó modelo para a especie de que se trate, aprobado pola Comisión da Unión Europea.

O certificado deberá:

a) Acreditar que as carnes frescas cumplen as condicións previstas neste real decreto e as establecidas en aplicación deste para as importacións procedentes de países terceiros.

b) Expedirse o día en que se efectúe a carga da mercadoría para o seu envío ó lugar de destino en España.

c) Redactarse, alomenos, na lingua española oficial do Estado e na lingua ou linguas oficiais do país remitente.

d) Acompañalo envío no seu exemplar orixinal.

e) Constar dunha soa folla.

f) Ir dirixido a un só destinatario.

Artigo 12. Cláusula de salvagarda.

As normas e principios xerais que deban aplicarse nos controis das carnes frescas de aves de curral importadas de países terceiros, así como as medidas de salvagarda, axustaranse ó disposto no Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros.

Artigo 13. Inspeccións.

Expertos veterinarios da Comisión da Unión Europea e os que sexan designados pola Comisión, por proposta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e do Ministerio de Sanidade e Consumo, no ámbito das súas respectivas competencias, efectuarán inspeccións in situ para comproba-lo cumprimento da Directiva 494/1991/CEE, do Consello, do 26 de xuño, sobre as condicións de policía sanitaria ás que deben axustarse os intercambios comunitarios e as importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros.

Disposición adicional única. Títulos competenciais.

Esta disposición díctase ó abeiro do artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúen ó Estado as competencias exclusivas en materia de comercio exterior, sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Derrógase o Real decreto 1322/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal ás que deben axustarse os intercambios intra-comunitarios e as importacións de carnes frescas de aves de curral procedentes de países terceiros.

Disposición derradeira primeira. Facultade de aplicación.

Facúltase os Ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para dictar, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións necesarias para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.